

## ANEXO VI

## MODELO DE RENUNCIA

Don/Dona , con DNI nº

actuando en nome e representación da entidade , que ten o seu enderezo en

**MANIFESTA:**

Que o día  recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do  pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a empresas privadas para a creación e mellora de establecementos turísticos, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, con clave de expediente CT983G.2009/  para o proxecto  por unha contía de  euros.

**DECLARA:**

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Lugar e data*

, de de 200

Asdo.:

Secretaría Xeral para o Turismo  
Consellería de Cultura e Turismo

## INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

*Resolución do 7 de agosto de 2009 pola que se amplía o prazo do artigo 18 da Resolución do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxía renovables de Galicia, correspondentes ao exercicio 2008, e ao abeiro dos convenios subscritos entre o IDAE e o Inega os días 2 e 3 de xullo de 2008.*

O Instituto Enerxético de Galicia mediante a Resolución do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxía renovables de Galicia, e ao abeiro dos convenios subscritos entre o IDAE e o Inega os días 2 e 3 de xullo de 2008 (DOG nº 173,

do 8 de setembro), publicou a convocatoria de axudas e subvencións para o ano 2008.

O artigo 18 da resolución establece que o prazo para a xustificación do investimento das solicitudes a que se refire o artigo 2 da resolución de convocatoria remata para os proxectos de aforro enerxético o día 30 de xuño de 2009.

Como consecuencia da dilatación do procedemento de concesión, considérase necesario ampliar o prazo de xustificación das actividades subvencionables relativas a aforro e eficiencia enerxética.

En consecuencia, en uso das atribucións que me están conferidas polo Consello de Administración do Instituto Enerxético de Galicia,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Ampliar ata o día 30 de outubro de 2009 o prazo para a xustificación do investimento das subvencións concedidas para aforro e eficiencia

enerxética a que se refire o artigo 2 da Resolución do 6 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética e proxectos de enerxía renovables de Galicia, correspondentes ao exercicio 2008, e ao abeiro dos convenios subscritos entre o IDAE e o Inega os días 2 e 3 de xullo de 2008.

Santiago de Compostela, 7 de agosto de 2009.

Eliseo Diéguez García  
Director do Instituto Enerxético de Galicia

### **SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER**

*Resolución do 3 de agosto de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións para o apoio ao emprendemento feminino (programa Emege) e se procede á súa convocatoria.*

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo, creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, e adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia en virtude do establecido na disposición adicional do Decreto 82/2009, do 21 de abril, correspóndelle, entre outras funcións, a de elaborar plans de actuación, programas e plans para fomentar o emprego e facilitar a formación profesional das mulleres (artigo 3.8º).

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade no ámbito laboral e formativo. Do conxunto de medidas que esta lei refire para acadar este obxectivo ten especial relevancia a obriga de aplicar todas as competencias para que a mataridade deixe de ser motivo de discriminación para as mulleres e para que as cargas familiares sexan obxecto de corresponsabilidade familiar. Neste sentido, a conciliación do emprego e da vida familiar e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea son criterios xerais fixados na lei que vinculan a actuación dos poderes públicos.

As medidas de fomento ás iniciativas empresariais promovidas por mulleres e baseadas en fórmulas de promoción do autoemprego constitúen actuacións eficaces para a xeración e mantemento de emprego, mobilización de recursos e corrección de desequilibrios rexionais que repercuten na redución da taxa de paro feminino que certamente segue sendo máis elevada que a do home. Son, polo tanto, medidas que no contexto de crise económica actual cobran espe-

cial relevancia polo que resulta obrigado fomentalas por parte da Administración en xeral e dos organismos de igualdade, en particular.

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller vén aplicando dentro da súa actividade subvencional o programa Emege, un programa de estímulo ás mulleres emprendedoras, apoiándose mediante a concesión dunha serie de axudas económicas para que se establezan como empresarias e deste xeito acaden a súa propia promoción e contribúan á creación de postos de traballo. Neste momento o programa modifícase para adaptarse ás necesidades especiais que a situación económica demanda ampliando o campo de actuación e flexibilizando os requisitos para participar nel posto que o obxectivo básico é posibilitar que as mulleres emprendedoras se integren no sector produtivo poñendo en marcha as súas iniciativas empresariais, ao tempo que se pretende a consolidación das xa establecidas fomentando principalmente a súa capacitación, especialización e formación en TIC cara á mellora da súa competitividade. Para cumprir este obxectivo o programa prevé axudas específicas para implantar nas empresas novas formas de organización do traballo coas que aplicar novas habilidades técnicas e de xestión, de emprego dos tempos e de desenvolvemento sustentable no emprego dos recursos; en definitiva, que se doten de ferramentas axeitadas para proporcionar flexibilidade na execución do traballo e así ampliar o abano de posibilidades de integración no tecido produtivo á fronte das súas empresas con vocación e garantías de permanencia.

Esta liña de actuación que se establece para o apoio ao emprendemento feminino a través da convocatoria pública de axudas e subvencións para a creación e a mellora de proxectos empresariais para o ano 2009 está amparada no réxime de axudas *minimis* e financiada polo Fondo Social Europeo dentro do programa operativo do FSE para o período 2007-2013.

Na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 16/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma para 2009, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, establécense os requisitos xerais para as subvencións concedidas pola Administración autonómica, normativa á que, en consecuencia, se adaptará esta resolución, tendo en conta en todo caso os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

Por todo o exposto, en uso das facultades que teño atribuídas,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-*Finalidade e réxime das axudas.*

1. O obxecto desta resolución é fixar as bases reguladoras e a convocatoria pública para o ano